



RESOLUCIÓN REITORAL DE 13 DE MARZO DE 2020 POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS PARA A EXECUCIÓN DO ACORDO DE SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES DA USC

A evolución do brote da enfermidade coñecida como COVID-19 (coronavirus) e as medidas de contención extraordinarias adoptadas polos gobernos estatal e autonómico tiveron como consecuencia que se suspendese por Resolución reitoral de 12 de marzo de 2020 a actividade docente presencial así como, en xeral, as actividades de extensión universitaria.

Cómpre adoptar as medidas preventivas e organizativas necesarias para fomentar o distanciamento social co obxecto de conter a expansión do virus ao mesmo tempo que se garante a prestación do servizo.

Tendo en conta a excepcionalidade da situación que se está vivindo cómpre insistir na responsabilidade por parte de toda a comunidade universitaria para seguir as recomendacións das autoridades sanitarias e evitar situacións de risco.

Esta REITORÍA, no uso das atribucións conferidas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

RESOLVE

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN E DURACIÓN DAS MEDIDAS

As presentes medidas serán de aplicación ao alumnado, a todo o persoal que preste os seus servizos na Universidade e ao persoal dos seus entes dependentes.

As medidas descritas terán o carácter temporal que determinen as indicacións das autoridades competentes, sen prexuízo da súa posible revisión de conformidade coa evolución da situación.

2. ALCANCE DA SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES

2.1 Actividades docentes e de avaliación presenciais

Quedan suspendidas as actividades docentes presenciais tanto de títulos oficiais como de títulos propios. Non obstante, sempre que sexa posible serán substituídas por actividades non presenciais atendendo ás particularidades de cada titulación.

Dende as vicerreitorías de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade, Profesorado e Estudantes e Proxección Internacional transmitiranse as indicacións pertinentes para a utilización de todas as ferramentas que permiten o desenvolvemento de actividades docentes non presenciais.

Estas medidas aplícanse tanto a os estudos oficiais (grao, máster e doutoramento) como aos títulos propios. Tamén a calquera outro tipo de actividade docente presencial realizada na USC (Cursos de Formación, Cuarto Ciclo, Escolas Deportivas, Cursos de Idiomas, Cursos de Extensión



Universitaria...etc.).

En función da duración da suspensión de actividades determinarase como proceder para a avaliación e cualificación procedendo, de ser necesario, as a reprogramación do calendario académico.

2.2 Prácticas curriculares e extracurriculares

Como consecuencia da suspensión da actividade formativa presencial, con carácter xeral, quedan suspendidas temporalmente as prácticas externas (curriculares e extracurriculares) que se realizan tanto na USC como noutras entidades públicas e privadas.

2.3 Traballos de Fin de grao (TFGs) e de Fin de Máster (TFMs)

Durante o período de suspensión da actividade docente presencial, suspéndense tamén as lecturas de Traballos Fin de Grao e Fin de Máster presenciais.

2.4 Mobilidade

En canto aos estudantes de mobilidade Erasmus e por convenios que se atopan na universidade, aplicaranse as medidas xerais e habilitaranse canles específicas de atención para eles.

En canto aos estudantes que están a realizar estancias reguladas fóra da nosa Universidade, manteráselles informados en todo momento das resolucións do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

Non se autorizarán novas mobilidades de estudantes e aquelas que á data actual se atopen autorizadas pero non se iniciasen quedan igualmente suspendidas.

2.5 Defensa de teses de doutoramento

A suspensión das actividades formativas presenciais afecta tamén á defensa de teses doutorais. Naqueles casos nos que a suspensión da defensa non fose posible, por causas debidamente xustificadas, a Escola de Doutoramento poderá autorizar a súa celebración, podendo contar con a participación dalgún membro do tribunal mediante videoconferencia.

2.6 Celebración de reunións

Con carácter xeral, celebraranse as reunións de traballo e de sesións de órganos colexiados estritamente indispensables para o funcionamento dos servizos. Recoméndase a celebración a distancia das reunións mediante correo electrónico, videoconferencia ou calquera outro medio electrónico admisible.

Procédese á anulación de congresos, xornadas, seminarios e cursos de formación programados nos edificios da USC salvo que os seus organizadores opten polo seu aprazamento. As actividades de carácter non presencial seguiranse realizando con normalidade

2.7 Actividades de extensión universitaria

Quedan suspendidas as actividades culturais, deportivas e outras de extensión

universitaria que non sexan imprescindibles para o funcionamento básico da institución.

2.8. Procesos electorais.

Quedan suspendidos todos os procesos electorais que estean en curso.

3. INSTALACIÓNS DA UNIVERSIDADE

Con carácter xeral, os edificios docentes, investigadores e administrativos permanecerán abertos entre as 9:00 e as 14:00 horas de luns a venres.

En todo caso, os responsables dos edificios adoptarán as medidas necesarias para facilitar o acceso controlado, e de ser preciso, poderán permitir o acceso no horario ordinario entre as 8:00 e as 22:00 horas.

3.1 Bibliotecas

As bibliotecas universitarias permanecerán abertas no horario indicado co límite de 1/3 do seu aforo máximo.

3.2 Residencias

As residencias universitarias permanecerán abertas pero restrinxirase, co obxecto de minimizar o contacto, o uso dos espazos comúns, coa excepción das zonas de comedor. Neste caso limitarase a asistencia a 1/3 do seu aforo máximo.

3.3 Cafeterías

As cafeterías universitarias permanecerán abertas con un límite de 1/3 do seu aforo e de acordo cos horarios que se especifiquen para os edificios nos que están instaladas.

3.4 Instalacións deportivas

As instalacións deportivas permanecerán pechadas mentres dure a suspensión de actividades.

3.5 Outras instalacións

Mentres dure o período de suspensión permanecerán pechados ao público o Museo de Historia Natural, o Museo Domus do Mítreo, o Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller e as estacións biolóxicas e científicas (Encoro do Con, A Graña e o Courel).

4. MEDIDAS XERAIS EN MATERIA DE PERSOAL

Estas medidas afectarán a todo o persoal da Universidade de Santiago de Compostela quedando supeditada a súa dispoñibilidade ás necesidades do servizo.

Esta circunstancia implica que as persoas responsables deben dispoñer de información actualizada sobre a localización telefónica do seu persoal co obxecto de poder contactar con eles cando se lles requira e de forma inmediata para a

prestación dos servizos públicos da Universidade de Santiago de Compostela.

A concesión e goce de permisos, licenzas e vacacións quedará condicionada ás necesidades do servizo derivadas desta situación excepcional.

4.1 Dispoñibilidade do persoal con responsabilidades

Mentres persista esta situación excepcional é importante a presenza das persoas con responsabilidades institucionais para os efectos de organizar adecuadamente a prestación do servizo.

4.2 Reorganización do traballo

Corresponderá ás persoas responsables de centros docentes e investigadores, departamentos, unidades e servizos administrativos e de extensión universitaria realizar as adaptacións da xornada do persoal que presta servizos baixo a súa dependencia ao réxime de apertura dos edificios así como ás circunstancias específicas que se dean en cada un deles, de modo que se evite a concorrencia diaria da totalidade do cadro de persoal nos diversos centros de traballo coa finalidade de preservar a saúde dos seus compoñentes. Así mesmo fomentárase o traballo non presencial para garantir a continuidade na prestación do servizo.

No relativo ao rexistro da xornada de traballo por parte do Persoal de Administración e Servizos, o persoal que se ausente de conformidade coa rotación que se estableza na unidade na que preste servizos, deberá consignar no menú Ausencias, Outras ausencias os días que non asista ao centro de traballo poñendo nas observacións “Por razóns protocolarias COVID-19”.

En relación co rexistro da actividade docente por parte do Persoal Docente e Investigador, no caso de que se imparta por medios virtuais realizárase a través da plataforma do xeito ordinario.

4.3 Atención ao público

Nas Oficinas de Asistencia en materia de rexistros e naquelas outras dependencias que presten servizo de atención ao público priorizarase a atención telefónica e telemática. Para o caso de atención presencial estableceranse, se fose necesario, as quendas imprescindibles entre o persoal para garantir a prestación do servizo.

Na medida do posible, disporase unha distancia mínima dun metro co público, un tempo máximo de 15 minutos de atención e evitarase o contacto físico.

Así mesmo, controlárase a afluencia de público co fin de evitar as aglomeracións de persoas nas zonas de espera.

4.4 Persoal especialmente sensible

Se nalgún momento as recomendacións sanitarias así o aconsellan, poderanse adoptar medidas para que o persoal especialmente sensible se poida ausentar do posto de traballo, entendendo por este o seguinte:

- Empregados públicos con patoloxías concorrentes ou enfermidades crónicas.
- Embarazadas públicas.

Igualmente, incluíranse neste colectivo aqueles empregados públicos que se determine en atención ás súas circunstancias persoais.

No suposto de que desenvolvan a súa actividade en atención directa ao público deberá comunicalo ao seu superior xerárquico para adoptar, de inmediato, as medidas específicas adaptadas ao seu caso.

4.5 Medidas derivadas do peche de centros educativos e de maiores

Con carácter excepcional, unha vez reorganizada a prestación do servizo, o persoal que deba asistir presencialmente ao traballo e teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes que imposibilite a súa asistencia, deberán solicitar a permanencia no seu domicilio conforme ao modelo Anexo I.

4.6 Desprazamentos fóra da USC

Con carácter xeral, non se autorizarán comisións de servizo e desprazamentos fóra da USC por motivos laborais. Aquelas que á data actual se atopen xa autorizadas, pero non comezasen, quedan suspendidas. Esta suspensión comprende as comisións de servizo autorizadas para participar en tribunais de oposicións, concursos e defensas de teses doutorais.

Quen se atope desprazado en zonas de risco así consideradas polas autoridades sanitarias deberá permanecer, ao seu regreso, prestando servizos desde o domicilio mediante as medidas que se arbitren, durante a corentena que proceda de acordo coas recomendacións das autoridades sanitarias.

4.7 Procesos selectivos

Nos procesos selectivos de Persoal Docente e Investigador estarase ao disposto na Instrución 2/2020 de 12 de marzo, ditada pola Vicerreitoría de Profesorado.

Para o resto de procesos o órgano convocante de cada proceso selectivo en curso deberá pospoñer, polo tempo imprescindible –como mínimo dous meses–, a celebración de probas selectivas, especialmente aquelas de concorrencia masiva.

5. DISPOSICION FINAL

As medidas entrarán en vigor desde a data da súa publicación.



ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE PERMANENCIA NO DOMICILIO POR NECESIDADE DE CUIDADO DUN FAMILIAR

NOME E APELIDOS:

NIF:

CENTRO DE TRABALLO:

DECLARA QUE TEN AO SEU CARGO (sinalar número, parentesco e idade)

- MENORES:

- MAIORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

E que necesita facerse cargo deles mentres dure o peche dos centros educativos ou de maiores aos que estes acoden habitualmente, sen que outro membro da familia poida ocuparse do seu coidado.

Por isto solicita, de conformidade coa Resolución reitoral de 13 de marzo de 2020 a concesión da seguinte medida:

A solicitude desta medida xustifícase por:

DATA E SINATURA